



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

OFICINA DE MEDIO AMBIENTE (OMA-UDC)

VICERREITORÍA DE INFRAESTRUTURAS E XESTIÓN AMBIENTAL

Análise do impacto ambiental na UDC: Parte II. Enquisa curso 2008-09

Análise do impacto ambiental na UDC:

Parte II. Enquisa curso 2008-09

O presente informe realizouse a partir dos datos da enquisa de ANÁLISE DO IMPACTO AMBIENTAL NA UDC (PARTE II: Outras compoñentes da pegada ecolóxica e aspectos xerais, dentro do Convenio de colaboración entre a Consellaría de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade da Coruña (2008)

PARTICIPARON:

Coordinación:

Marta Pérez e Manuel Soto, Oficina de Medio Ambiente, Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental, Universidade da Coruña.

Análise estatístico:

Marta Pérez

Coa colaboración no tratamento de datos de:

Lucía Braña, Iago Conde, Rebeca Doval e Rafael Pérez, bolseiros da Vicerreitoría de Calidade e Novas Tecnoloxías, Universidade da Coruña.

Agradecemento

A Pedro Vega, pola súa axuda e asesoramento no deseño da enquisa
A todas as persoas que colaboraron na realización da enquisa (Direccións dos centros, PAS e PDI) e a aquelas moitas que libremente decidiron cubrir a enquisa.

Oficina de Medio Ambiente (OMA-UDC)

Vicerreitoría de Infraestruturas e Xestión Ambiental
Universidade da Coruña
A Coruña, abril de 2010

Análise do impacto ambiental na UDC: Parte II. Enquisa curso 2008-09

ÍNDICE

1.	Consumo de papel na UDC.....	5
1.1.	Consumo de papel por parte do estudantado.....	6
1.2.	Razóns polas que o estudantado non fai uso de papel reciclado.....	8
1.3.	O uso do papel entre o PDI e o PAS.....	11
2.	Comer nos campus da UDC: A opinión da comunidade universitaria.....	13
2.1.	Frecuencia no uso dos servizos de comedor.....	14
2.2.	Número de comidas servidas nos comedores dos campus da UDC.....	16
2.3.	Demanda de menús alternativos.....	17
3.	Percepción ambiental nos campus da UDC.....	22
3.1.	A preocupación ambiental da comunidade universitaria.....	22
3.2.	Outros aspectos.....	25

Índice de Táboas

Táboa 1. Nº de enquisas realizadas por colectivos e zonas do campus da UDC	5
Táboa 2. Consumo de papel polo estudantado na UDC	7
Táboa 3. Consumo de papel polo PDI na UDC	12
Táboa 4. Consumo de papel polo PAS na UDC	12
Táboa 5. Nº de enquisas realizadas por colectivos e zonas do campus da UDC	13

Índice de Figuras

Figura 1. Uso papel reciclado e non reciclado polo estudantado	6
Figura 2. Uso papel reciclado e non reciclado, por campus (% de estudantes)	8
Figura 3. Razóns polas que non se emprega papel reciclado (total estudantes)	9
Figura 4. Razóns polas que non se emprega papel reciclado (estudantes por campus)	10
Figura 5. Uso de papel reciclado e non reciclado polo PDI e PAS.....	11
Figura 6. Razóns de non uso de papel reciclado segundo o PDI ou o PAS.....	12
Figura 7: Frecuencia con que come nas cafeterías cada colectivo.....	14
Figura 8. Frecuencia con que come nas cafeterías o estudantado (por campus)	15

Figura 9. Diferenzas por campus no uso das cafetaría por parte de PDI e PAS	16
Figura 10. Número de comidas requiridas por semana e distribución por colectivos	17
Figura 11: Opinión do persoal universitario sobre a importancia de que se ofrezca un menú vexetariano nos comedores dos campus	18
Figura 12. Resposta da comunidade universitaria sobre as condicións para elixir un menú de baixo impacto ambiental	18
Figura 13. Importancia de ofertar un menú vexetariano para o alumnado (por campus) ..	19
Figura 14. Grao de interese do estudantado en consumir menús de baixo impacto ambiental, en caso de ofertarse nas cafetaría e desagregado por campus	20
Figura 15. Importancia do menú vexetariano, por campus, para PDI e PAS	21
Figura 16. Grao de interese en consumir menús de baixo impacto ambiental, en caso de ofertarse nas cafetaría, para o PDI e o PAS, por campus	21
Figura 17. Declaración de preocupación ambiental polos distintos colectivos da UDC	22
Figura 18. Declaración de preocupación ambiental do estudantado (por campus)	24
Figura 19. Respostas conxuntas do PDI e do PAS á pregunta “Estás preocupado/a polo teu impacto ambiental no campus?”	24

1. Consumo de papel na UDC

Para a contabilización do papel consumido polo estudantando na súa actividade universitaria, tivéronse en conta varias vías de adquisición relacionadas con necesidades de consumo. Por unha banda, ao considerarmos que unha parte importante das fotocopias se realiza nos servizos de reprografía dos centros (onde tamén se pode adquirir papel para outros usos), reparouse na información que sobre estas cantidades pode ser fornecida polo servizo de reprografía, que ademais conta cun único concesionario en toda a UDC.

Por outra banda, o estudantado precisa de papel para apuntamentos e a elaboración de traballos, parte do cal o pode adquirir fóra dos centros (tendas das cidades ou vilas). É por isto que se considerou que a vía máis factíbel para informarnos destas cantidades era a pregunta directa a unha mostra representativa do estudantado, para o cal se aproveitou a enquisa sobre a mobilidade.

En concreto, a epígrafe 3.1 desta enquisa referiuse ao uso do papel mediante dúas preguntas: a primeira (pregunta 3.1.1) referíase ao consumo de papel reciclado e non reciclado, diferenciando ambos, por tramos de n.º de folios ao ano. Expresamente, exceptuábanse as fotocopias e o papel mercado nas tendas de reprografía da UDC. Unha segunda pregunta, 3.1.2, indagou os motivos polos que non se usaba papel reciclado, de ser o caso.

A distribución das persoas que contestaron a enquisa por campus e colectivos foi a seguinte:

Táboa 1. Nº de enquisas realizadas por colectivos e zonas do campus da UDC

Colectivo				
Campus	Estudiantado	PDI	PAS	Total
A Maestranza	0	0	9	9
Elviña	317	63	31	414
A Zapateira	298	43	9	350
Riazor	219	8	5	221
Oza	158	12	3	174
Bastiagueiro	196	5	4	205
Esteiro	176	12	15	205
Serantes	0	3	6	9
TOTAL	1364	146	82	1499

Por outra banda, o PAS e o PDI fan uso do servizo de reprografía ou adquiren de subministradores externos todo ou practicamente todo o papel que

consomen. A contabilización destes consumos séguese a través da facturación, ben facilitada polo servizo de reprografía, ben polos servizos administrativos correspondentes. De todos os xeitos, a enquisa tamén se estendeu a estes sectores, xa que ten interese coñecermos a distribución declarada do uso de cada tipo de papel (reciclado e non reciclado), e a súa opinión ao respecto.

Os seus resultados reflicten que o estudantado consome para os usos indicados unha media de 597 folios/persoa e ano, dos que o 16% é papel reciclado. Un 8% declara empregar so papel reciclado, un 76% só papel non reciclado e un 13% ambos os tipos. A dificultade para atopalo e o prezo son as principais razóns en contra do uso do papel reciclado, con aproximadamente un 60% do estudantado que as menciona. A situación muda para o PDI e o PAS que declaran consumos per cápita de 543 e 401 folios e porcentaxes de papel reciclado do 35% e 32%, respectivamente.

Como xa se dixo, a contabilización do consumo total de papel na UDC terá en conta outras fontes adicionais e presentarse noutro documento. A continuación, detállanse os resultados obtidos da enquisa.

1.1 consumo de papel por parte do estudantado

Pasamos a ver os resultados da enquisa sobre o consumo de papel polo estudantado (como se dixo, non inclúe fotocopias nin o papel adquirido en reprografía). A distribución da porcentaxe de estudantes por tramos de consumos para o total da UDC móstrase na figura 1.




Figura 1. Uso papel reciclado e non reciclado polo estudantado (total UDC, % de estudantes en cada tramo)

A partir destes datos pode obterse o consumo total de papel (agás as fotocopias) polos estudantes da UDC. Para os efectos de cuantificación, asinamos a cantidade de 200 folios a aquelas porcentaxes de estudantes que dixeron consumir menos de 400, e a cantidade de 800 a aqueles que consomen máis de 700, mentres que para o resto de rangos empregamos os valores medios. Tendo en conta o número total de estudantes (21 626, incluídos os centros adscritos de Riazor), procedemos a calcular o número total de folios para cada tramo de consumo e as diversas sumas, segundo a seguinte táboa.

O resultado é un consumo total de 12 920 454 folios/ano, cunha porcentaxe de papel reciclado do 16%. A taxa de consumo per cápita resulta de 597 folios. O 21% do estudantado emprega sempre ou ás veces papel reciclado, á vez que un 13% utiliza tanto papel reciclado como papel non reciclado. Por diferenza, só un 8% do estudantado declara empregar unicamente papel reciclado, mentres que o 76% emprega só papel non reciclado.

Táboa 2. Consumo de papel polo estudantado na UDC

	Papel reciclado		Papel non reciclado		Papel total	
	N.º	%Estudantes	N.º	%Estudantes	N.º	%Estudantes
RANGO	folios/ano		folios/ano		folios/ano	
<400	200	5,8	3,7	250.862	160.032	410.894
400-500	450	7,5	28,1	729.878	2.734.608	3.464.485
500-600	550	3,5	19,8	416.301	2.355.071	2.771.372
600-700	650	3,4	27,2	477.935	3.823.477	4.301.411
>700	800	1,1	10,3	190.309	1.781.982	1.972.291
TOTAL	-597	21,3	89,1	2.065.283	10.855.171	12.920.454
%Papel R.						16

Os datos tamén permiten calcular os consumos per cápita nestes tres grupos:

- Estudantes que usan só papel reciclado (8%): 537 folios/estudiante e ano
- Estudantes que usan só papel non reciclado (76%): 565 folios/estudiante e ano
- Estudantes que usan ambos os tipos de papel (13%): 279 folios reciclados e 458 folios non reciclados /estudiante e ano (total: 737 folios/estudantes e ano)

No caso dos/as estudantes que fan uso de ambos os tipos de papel (13%), a porcentaxe de uso de papel reciclado é do 37,9%.

A distribución de usos por zonas dos campus é moi similar, segundo podemos ver na figura 2. Unicamente se aprecia unha pequena diferenza en favor do uso de papel reciclado entre o alumnado da Zapateira.




Figura 2. Uso papel reciclado e non reciclado, por campus (% de estudantes)

1.2 Razóns polas que o estudantado non fai uso de papel reciclado

O 83,3% do estudantado que respondeu a enquisa deu unha razón ou explicación de porque non fai uso do papel reciclado. A cifra sitúase entre o 76% (nunca usa papel reciclado) e o 89% (non usa exclusivamente papel reciclado). As persoas que responderon fixérono elixindo unha o máis das opcións que se lle propuñan.

Ao contabilizarmos todas as respostas (en total 1635 no colectivo de estudantes) obtense a porcentaxe de cada resposta sobre o total tal e como recolle a figura 3. A resposta máis elixida é a de “Non hai” (o 28% das respostas, isto é, o 34% do estudantado que cubriu a enquisa) seguida de “É máis caro” (o 21% e 25%, respectivamente). Por tanto, o prezo e a dificultade para adquirilo aparecen como as razóns principais de non empregalo, dado que as mencionan case o 60% do estudantado.




Figura 3. Razóns polas que non se emprega papel reciclado (total estudantes). Arriba:% sobre o n.º total de respostas. Abaixo: Porcentaxe do número de cada resposta elixida sobre o número total de estudantes. (Notas: *Non o considero necesario; **Non serve para as impresoras ou fotocopiadoras).

A continuación, ten peso a resposta de “Non gusta” (15%), e son xa minoritarias as respostas tales como “Non serve” (5%) ou “Non é necesario” (3%). Fica aínda unha porcentaxe importante que alude outros motivos (17%), ademais dun 11% que non alegou ningunha resposta. Porén, boa parte destas últimas persoas poderían corresponderse coas que adoito empregan papel reciclado, se temos en conta a dirección da pregunta.

Se analizamos as razóns alegadas en cada zona dos campus (figura 4) podemos ver importantes diferenzas. As desviación en relación coa media global para a UDC aparecen por exemplo na Zapateira e en Oza, zonas en que o factor prezo (ou a súa percepción) supera ao factor “Non hai”, e onde tamén aumenta apreciabelmente o factor “Non gusta”. Así, na Zapateira,

estes tres factores están case igualados, roldando un 78% de estudantes que os indicaron.

Tamén salienta que un 10% do estudantado da Zapateira afirme que o papel reciclado non serve para as impresoras ou as fotocopadoras, porcentaxe que duplica a media da UDC. Isto último podería estar relacionado coa predominancia de determinados usos especiais (grandes planos) en centros como os de Arquitectura ou Arquitectura Técnica. De feito, a porcentaxe en cada un dos centros na zona da Zapateira que alegaron como razón a de non servir para as impresoras foi a seguinte: Ciencias (8,7%), Filoloxía (4,6%), Arquitectura (11,1%), Arquitectura Técnica (13,3%).




Figura 4. Razóns polas que non se emprega papel reciclado entre o estudantado, por campus. Porcentaxes de estudantes que elixen cada razón. (Notas: *Non o considero necesario; **Non serve para as impresoras ou fotocopadoras).

A razón “prezo” está sempre en primeiro ou en segundo lugar, o que tería que ver coa economía do estudante e o feito de que se trata dun gasto ao que debe facer fronte de forma persoal. Como se verá máis adiante, este factor aparece sempre como importante, por exemplo á hora de decidirse por un ou outro tipo de menú. Comparativamente, a razón prezo redúcese moito no caso da opinión do PDI e do PAS sobre o papel reciclado, até ser un factor minoritario ou case desaparecer.

Por último, algunhas respostas frecuentes na epígrafe “Outros” son do seguinte tipo: “Non hai onde compralo”, “É máis difícil de atopar”, “Non queda ben en traballos”, “Non se le ben”, “Non se lle ocorrera a alternativa do papel

reciclado”, “Teñen acceso gratis a papel non reciclado” etc. Moitas destas respostas inciden nalgunha das categorías anteriores.

1.3 O uso do papel entre o PDI e o PAS

A mesma enquisa sobre o consumo de papel foi respondida por unha mostra de PDI (146) e outra de PAS (82). Aínda que os resultados da enquisa non se empregan para estimar o consumo de papel na actividade destes sectores (xa que se fai por outras vías, como as de facturación), si ten interese a análise dos seus resultados para caracterizar a opinión de ambos os sectores sobre o uso do papel.

As porcentaxes de PAS e PDI que declaran facer uso de cada tipo de papel indícanse na figura 5. Trátase dun 38% do PDI e dun 30% do PAS que afirman facer uso de papel reciclado, mais se descontamos as porcentaxes que fan uso de ambos os tipos de papel, resultaría que un 14% do PDI e un 10% do PAS declaran empregar unicamente papel reciclado. Pola contra, un 44% do PDI e un 40% do PAS afirman non empregar nunca papel reciclado. Ademais, o 17% do PDI e o 30% do PAS non deron datos ao respecto (NS/NC).




Figura 5. Uso de papel reciclado e non reciclado polo PDI (esquerda) e PAS (dereita). Nota: as porcentaxes son superiores a 100, xa que as dúas primeiras inclúen a categoría de “Ambos”.

Os datos de consumo declarado para o PDI móstranse na táboa 3 que reflicte un consumo anual de 543 folios por cada membro do PDI, do que un 35% se corresponde papel reciclado. A táboa 4 mostra os datos de consumo declarado para o PAS, e indica un consumo anual de 401 folios por cada membro do PAS, do que un 32% sería papel reciclado.

Táboa 3. Consumo de papel polo PDI na UDC

		Papel reciclado	Papel non reciclado	Papel reciclado	Papel non reciclado	Papel total
	N.º			N.º		
RANGO	folios/ano	% PDI	% PDI	folios/ano	N.º folios/ano	N.º folios/ano
<400	200	8,2	11	24.616	33.022	57.638
400-500	450	12,3	25,3	83.080	170.889	253.969
500-600	550	3,4	8,9	28.069	73.474	101.543
600-700	650	10,3	12,3	100.492	120.005	220.497
>700	800	4,1	11	49.233	132.088	181.321
TOTAL	-543	38,3	68,5	285.490	529.478	814.968
%PR						35

Táboa 4. Consumo de papel polo PAS na UDC

		Papel reciclado	Papel non reciclado	Papel reciclado	Papel non reciclado	Papel total
	N.º folios/ano	%PAS	%PAS	Folios	Folios	Folios
<400	200	4,9	12,2	8.144	20.276	28.420
400-500	450	18,3	31,7	68.433	118.542	186.975
500-600	550	2,4	6,1	10.969	27.880	38.849
600-700	650	3,7	4,9	19.986	26.467	46.453
>700	800	0	4,9	0	32.575	32.575
TOTAL	401	29,3	59,8	107.531	225.741	333.273
%PR						32,3

No que se refire aos motivos do escaso uso ou non uso de papel reciclado (figura 6), aparece como aspecto principal a non dispoñibilidade deste tipo de papel, segundo afirman o 32% do PDI e o 39% do PAS. A continuación, a percepción de que non serve para as impresoras nin as fotocopadoras ten un peso relevante no caso do PDI (17%) e pouco relevante no caso do PAS (6%). Pola súa banda, o factor de gusto é tamén importante (9-11%), mais, chaman a atención as elevadas porcentaxes tanto de PDI (36,3%) como de PAS (36,6%) que non indicaron motivo ningún.




Figura 6. Razóns de non uso de papel reciclado segundo o PDI (esquerda) ou o PAS (dereita) (Porcentaxe de membros do sector que elixiron cada resposta). *Non o considero necesario; **Non serve para impresoras fotocopadoras.

2. Comer nos campus da UDC: A opinión da comunidade universitaria

A parte 3.2 da enquisa, baixo a epígrafe “Alimentación”, formulou unha serie de preguntas a estudantes, PDI e PAS co obxectivo de estimarmos a frecuencia con que fan uso dos servizos de comedor nos campus universitarios e coñecermos a opinión sobre posibles medidas tendentes a mellorar a oferta e reducir o impacto ambiental da alimentación, pois, neste sentido, cómpre ter en conta que os menús intensivos en carne e peixe supoñen unha pegada ecolóxica moito maior que aqueles de tipo vexetariano.

Por outra banda, buscou tamén pescudar sobre o interese da comunidade universitaria en relación co consumo de alimentos de produción ecolóxica, de tempada ou de produción local, así como outros elementos que condicionan tanto a súa calidade como a súa pegada ecolóxica.

As preguntas que se fixeron foron as seguintes:

3.2.1 Habitualmente cantos días á semana comes nas cafeterías do campus durante o curso?

3.2.2 Consideras importante que se oferte un menú vexetariano?

3.2.3 En que supostos estarías disposto/a, de se ofertar nas cafeterías do campus, a comer menús de baixo impacto ambiental (de tipo vexetariano, produtos da zona, de tempada, de cultivo ecolóxico ...)?

A distribución das persoas que contestaron a enquisa por campus e colectivos foi a seguinte:

Táboa 5. N.º de enquisas realizadas por colectivos e zonas dos campus da UDC

Zona dos campus	Estudantado	PDI	PAS	Total
A Maestranza	0	0	9	9
Elviña	317	63	31	414
A Zapateira	298	43	9	350
Riazor	219	8	5	221
Oza	158	12	3	174
Bastiagueiro	196	5	4	205
Esteiro	176	12	15	205
Serantes	0	3	6	9
TOTAL	1364	146	82	1499

As enquisas reflectiron que existen grandes diferenzas nos costumes respecto á comida nas cafeterías, entre os distintos colectivos dentro do campus, especialmente no que se refire á asiduidade.

2.1 Frecuencia no uso dos servicios de comedor

A resposta á primeira pregunta móstrase na gráfica seguinte. Nela pódese observar como aquelas persoas que pertencen ao colectivo de PAS son as que menos a miúdo fan uso dos servizos de cafetería do campus. Así, un 89% do PAS non come de forma habitual nas cafeterías (menos dunha vez por semana), sen que haxa ninguén entre os membros do PAS que responderon a enquisa (n= 82) que coma máis de dous días por semana.

Porén, entre o estudiantado e o persoal PDI a frecuencia é moito maior, aínda que segue a haber unha porcentaxe moi alta de persoas deste colectivos que non come nunca ou que o fai con moi pouca frecuencia nas cafeterías; un 42% do estudiantado e un 40% do PDI come polo menos un día a semana nos comedores dos campus.




Figura 7. Porcentaxe de cada colectivo que come nas cafeterías coas frecuencias indicadas.

No entanto, débese ter en conta que os costumes de uso das cafeterías cambian moito entre os distintos campus. Nas seguintes táboas pódense observar os resultados desagregados por campus. Ocorre que no caso do PDI e do PAS, o baixo número de enquisas nestes colectivos non nos permite obter resultados estatisticamente significativos sobre as diferenzas entre os distintos campus. Aínda así, expresamos os resultados diferenciados para Elviña e A Zapateira, zonas en que se rexistra o maior número de respostas.




Figura 8. Frecuencia con que come nas cafeterías o estudantado dos distintos campus (n.º de veces por semana).

Pódese observar na figura 8 que Riazor e Esteiro son os campus en que con menos frecuencia o estudantado come nas cafeterías, xa que máis do 80% non as usa habitualmente. En contraste, na Zapateira, Oza e Bastiagueiro, arredor do 40% do alumnado come nas cafeterías máis dun día por semana. Elviña, á súa vez, estaría nun punto medio entre estes dous extremos comentados.

Son varios os factores que poden influír na frecuencia de uso das cafeterías nos distintos campus. Por unha parte, a facilidade de desprazamento entre o centro e o domicilio habitual, pois tanto Riazor como Esteiro son campus moi integrados no contorno urbano e con facilidades para acceder aos centros a pé. Isto pode facer que moitos alumnos opten por desprazarse até o seu domicilio para xantar. Esta razón quizás sexa a principal, xa que, ademais, nestas áreas atopan aloxamento estudantes procedentes de fora das cidades da Coruña e Ferrol, de tal forma que aquelas persoas que elixen estudos nestas zonas tamén buscan un aloxamento relativamente próximo. Pola contra, esta solución vese dificultada nos campus de Elviña e A Zapateira.

As instalacións dispoñibles e as prazas de cafetería son outro factor que pode influír nas diferenzas entre campus. De non existiren prazas dabondo para acomodar os/as alumnos/as, estes/as veranse na obriga de prescindir do uso destes servizos. Esta circunstancia pode ser unha razón importante en Esteiro, polo que cabe pensarmos que o tipo e o horario das actividades do alumnado nos distintos centros tamén sería de importancia para determinar o funcionamento das cafeterías.




Figura 9. Diferenzas por campus no uso das cafetarías por parte de PDI e PAS (n.º de veces por semana).

Para o PDI e o PAS, a porcentaxe de persoas que fica a comer polo menos un día á semana é maior na Zapateira que en Elviña ou que no conxunto da UDC, o que coincide cos hábitos do estudantado. Isto probablemente garda relación co maior afastamento desta zona do campus en relación coas áreas residenciais das cidades. Porén, chama a atención que a porcentaxe de persoas destes colectivos que come todos os días nas cafetarías é maior en Elviña.

2.2 Número de comidas servidas nos comedores dos campus da UDC

Tendo en conta os datos anteriores podemos facer un cálculo aproximado do número de comidas servidas polo servizo de cafetarías da UDC. Segundo os datos de ocupación de centros para 2008, había na UDC un total de 21 135 alumnos, 1451 PDI e 813 PAS. No caso das persoas que afirmaron comer menos dun día á semana nos centros, considerouse para os efectos de cómputo un consumo de 0,25 comidas por semana, é dicir, unha vez ao mes como media.




Figura 10. Número de comidas requiridas por semana e distribución por colectivos

O total de comidas demandadas nos campus ao longo dunha semana de actividade ordinaria estimouse en 23 300. das que 21 500 corresponden ao estudantado (92%), unhas 1600 ao PDI (7%), mentres que a achega do sector do PAS é de só 160 (<1%).

Pode verse que aínda que o alumnado e o PDI teña hábitos de uso da cafetaría relativamente similares, o impacto do seu consumo é moi distinto. Reparemos en que os colectivos de PDI e de PAS constitúen unha porcentaxe moi pequena da comunidade universitaria, o cal provoca que, independentemente dos hábitos de uso, a maior cantidade do consumo se leve a cabo por parte do alumnado.

2.3 Demanda de menús alternativos

Ademais da consulta sobre os seus hábitos actuais, tamén se fixeron preguntas sobre o interese do alumnado en dispoñer de menús alternativos ou que representen un menor impacto para o medio. Como se indicou máis arriba, as preguntas dirixíronse a pescudar o interese por un menú vexetariano, e aos supostos ou condicionantes en que se elixiría un menú de baixo impacto ambiental (vexetariano, de produtos ecolóxicos ou locais). Veremos, en primeiro lugar, a resposta á primeira das cuestións.




Figura 11. Opini3n do persoal universitario sobre a importancia de que se ofrezca un men3 vexetariano nos comedores dos campus




Figura 12. Resposta da comunidade universitaria sobre as condici3ns para elixir un men3 de baixo impacto ambiental.

Preto do 70% dos estudantes e do PDI (69,1% e 69,2% respectivamente) considera importante que se oferte un men3 vexetariano no campus. Similar porcentaxe, a3nda que lixeiramente m3is alta, ten para o colectivo do PAS, concretamente un 73,2%.

No que respecta ao interese na dispo3nibilidade de men3s de baixo impacto ambiental, un 82% do alumnado, un 80% do PDI e un 77% do PAS m3stranse dispostos a consumilos. Por3n, a3nda que o interese 3 similar entre os tres

grupos, as condicións en que están dispostos a facelo varían moito. Se ese cambio nos hábitos de alimentación supuxese un aumento do prezo, o 50,7% do PDI seguiría disposto a consumir menús de baixo impacto ambiental. No caso do PAS –lembros que é o colectivo que usa as cafeterías do campus con menor frecuencia–, só o 35% estaría disposto a pagar máis por reducir o impacto ambiental da súa alimentación no campus.

Aínda que a diferenza é pequena, os/as estudantes conforman o colectivo que se mostra máis disposto a variar os seus hábitos para que sexan máis sostibles ambientalmente. No entanto, tamén son os que se mostran máis preocupados polo custo económico que iso lles suporía, xa que tan só o 16% dos estudantes estaría disposto a pagar máis. Daquela, tendo en conta que os estudantes representan o 92% do total de comidas servidas no campus, isto significa que o prezo do cambio de menús representaría un factor moi importante na súa aceptación




Figura 13. Importancia de ofertar un menú vexetariano para o alumnado dos distintos campus.

A distribución de opcións por zonas dos campus só se pode analizar para o estudantado. É no campus de Oza onde parece dársele máis importancia á existencia dunha opción vexetariana no menú, cun 75,3%. A continuación, é en Esteiro (71,6%) e Elviña (71,3%) onde máis interese hai en dispoñer de menús vexetarianos. En Bastiagueiro (67,9%), A Zapateira (66,1%) e Riazor (64,8%) é onde menos importancia se lle da á existencia da opción vexetariana no menú, aínda que a diferenza non é moi notoria.

Ao igual que no caso do menú vexetariano, é en Oza onde se rexistra unha maior aceptación da idea de menús de baixo impacto ambiental. É posible que isto teña que ver co tipo de centros que hai neste campus. En Oza a enquisa realizouse entre o alumnado da Facultade de Ciencias da Saúde, a Escola Universitaria de Fisioterapia e a Escola Universitaria de Enfermería, todos enfocados á ensinanza sobre o coidado da saúde, polo que poida que as razóns do interese destes estudantes nos menús alternativos aos que existen agora non se deba á unha preocupación ambiental, senón a consideralos máis saudables.




Figura 14. Grao de interese do estudantado en consumir menús de baixo impacto ambiental, en caso de ofertarse nas cafeterías e desagregado por campus.

Riazor e Esteiro, xa que logo, son os campus en que menos interese hai no consumo de menús de baixo impacto ambiental, e son tamén os campus en que o estudantado come nas cafeterías con menor frecuencia, polo que é posible que as dúas cuestións estean relacionadas. Curiosamente, é Esteiro tamén o campus onde unha maior porcentaxe do estudantado está disposto a pagar máis por menús de menor impacto ambiental.




Figura 15. Importancia do menú vexetariano, por campus, para PDI e PAS.

Ao igual que no uso das cafeterías, debido ao baixo número de enquisas de PDI e de PAS, só se presentarán os gráficos correspondentes ao interese en menús vexetarianos e de baixo impacto ambiental para Elviña e A Zapateira.




Figura 16. Grao de interese en consumir menús de baixo impacto ambiental, en caso de ofertarse nas cafeterías, para o PDI e o PAS, por campus.

O interese en dispoñer de menú vexetariano entre o PDI e o PAS é similar en Elviña e A Zapateira ao conxunto da UDC. No que respecta aos menús de baixo impacto ambiental, pódese comentar que aínda que é en Elviña onde o interese nese tipo de comida é maior, é na Zapateira onde o persoal universitario está disposto a un maior desembolso económico a cambio deles.

3. Percepción ambiental nos campus da UDC

A parte 3.3 da enquisa centrouse na percepción que teñen os colectivos do alumnado, do PDI e do PAS sobre o seu impacto ambiental no campus e as posibilidades de actuación ao respecto. Baixo a epígrafe de “Percepción ambiental” (3.3.), formulouse unha primeira pregunta:

3.3.1.- Estás preocupado polo teu impacto ambiental no campus?

En función da resposta “Si” ou “Non”, pasouse a preguntar:

3.3.1a. (se Si)- Que farías a nivel persoal?

3.3.1b. (se Non)- Por que razóns?

Por último, a enquisa pechábase coa seguinte pregunta:

3.3.2.- Que pensas que podería facer a Universidade da Coruña como institución?

O número de persoas que respondeu a enquisa e a súa distribución por sectores e áreas dos campus pode verse no informe relativo á alimentación e á súa pegada ecolóxica nos campus.

3.1 A preocupación ambiental da comunidade universitaria

As respostas á pregunta “Estás preocupado/a polo teu impacto ambiental no campus?” deron os resultados que se mostran na seguinte gráfica: o 53% do estudiantado, o 77% do PDI e o 71% do PAS afirman estar preocupados/as polo impacto das súas actividades no campus. Globalmente, o 56% da comunidade universitaria declárase preocupado polo impacto das súas actividades.




Figura 17. Declaración de preocupación ambiental polos distintos colectivos da UDC.

Con todo, hai que destacar que o número de respostas en branco foi bastante alta entre o estudiantado (11,3%) e o PAS (14,6%), mentres que tan só o 2,7% do PDI deixou sen contestar esta pregunta. Coincidindo con isto, é o PDI quen en maior porcentaxe declara a súa preocupación polo efecto que as súas actividades poidan ter, no entanto, cómpre ter en conta o efecto que provoca o alto número de respostas en branco nas porcentaxes dos outros colectivos, pois se non for así, atopariámonos co paradoxo de que, á vez que o PDI é o que mais preocupación mostra, sería o PAS o colectivo que en menor porcentaxe resposta quen on lle preocupa os eu impacto ambiental no campus.

O estudiantado é o sector que menos preocupación mostra. Tal é así que chama a atención a diferenza de 24 puntos porcentuais que se rexistra entre as respostas afirmativas do estudiantado e do PDI. Quizás se deba analizar por comparación con resultado de enquisas similares realizadas entre a poboación en xeral, mais tamén será interesante analizarmos as respostas do estudiantado á pregunta de por que razóns non están preocupados/as polo seu impacto. Entre os motivos dados están os seguintes: *a)* non ter cavilado sobre o tema antes, *b)* considerar que o seu impacto individual é mínimo ou, cando menos, moito menor que o que outros factores puideren ter (o tráfico é moi citado), *c)* a razón mencionada no punto b tería máis peso aquelas zonas onde unha maior porcentaxe de estudantes se desprazan a pé, *d)* considerar que xa están a reducir o impacto ao participar na reciclaxe de residuos.

A primeira cuestión indicada é de grande importancia, pois suxire un déficit na formación e sensibilización do estudiantado en relación coa temática ambiental. En conxunto, este aspecto merece tratarse en maior profundidade.

Veremos agora a variación da preocupación ambiental do estudiantado por zonas dos campus. A gráfica que se achega mostra unha escasa variación dunha a outra zona, con medias das respostas afirmativas que van do 48 ao 56%, e medias das respostas negativas na faixa do 31 ao 40%.




Figura 18. Declaración de preocupación ambiental do estudantado nas distintas zonas.

Neste sentido, poderíamos facer dous grupos, con Riazor, Bastiagueiro e Esteiro por un lado, onde a preocupación ambiental é lixeiramente menor, e Elviña, A Zapateira e Oza por outro. É posible que no primeiro grupo ao haber máis estudantes que acceden ao campus sen axuda de transporte motorizado, estes perciban o seu impacto como moito menor que no caso de alumnos que fan un uso máis intenso do coche particular. Porén, tamén o campus de Oza ten un acceso máis sinxelo a pé que os campus de Elviña e A Zapateira, mais aínda así nel rexístrase unha maior preocupación ambiental.

Consideraremos tamén a variación por zonas do PDI e do PAS, mais neste caso consideraremos só a comparación entre as respostas obtidas en Elviña e A Zapateira xunto co total.




Figura 19. Respostas conxuntas do PDI e do PAS á pregunta “Estás preocupado/a polo teu impacto ambiental no campus?”

Segundo os resultados, na Zapateira rexístrase unha menor preocupación ambiental que en Elviña, cun 73,6% fronte a un 77,3%, respectivamente, de respostas afirmativas. Mais, como resultado dunha menor indefinición no caso da Zapateira (menor porcentaxe de N/C), a maior diferenza entre ambas as zonas rexístrase entre as porcentaxes de persoas que afirman non estaren preocupadas polo seu impacto ambiental, que resulta de 22,6% na Zapateira fronte ao 15,5% de Elviña. Porén, o número de persoas entrevistadas en cada área (97 en Elviña, 53 na Zapateira) non é suficientemente elevado para tomarmos en consideración esta diferenza.

3.2 Outros aspectos

Algunhas preguntas desta parte da enquisa tiñan respostas abertas e o seu procesamento está aínda sen rematar. De momento podemos indicar que as máis das persoas enquisadas deron resposta a posíbeis actuacións a nivel individual (73% das persoas que afirmaron estar preocupadas) ou razóns da súa falta de preocupación (65%). Porén, a porcentaxe de persoas enquisadas que indican o que podería facer a UDC é xa algo menor e atinxiu o 52% das persoas enquisadas.